



ACTUALIDAD

Novo proxecto de Estatuto do Profesorado

Este proxecto, que será discutido nunha mesa de negociación cos sindicatos, aborda o sistema de acceso á función pública docente, á carreira docente e promoción profesional, á relación de postos de traballos nos centros educativos públicos, os dereitos e deberes dos docentes, o sistema de formación continua, o sistema retributivo, as distintas situacións administrativas do personal funcionario, interino e contratado.

O acceso á función pública docente

O acceso á función pública docente realizarase polo sistema de concurso-oposición libre, sin prexuício da porcentaxe reservada á promoción interna desde unha escala inferior. Exisirase un período de prácticas tutorizadas que poderá ter unha duración de ata un curso académico. O concurso-oposición constará de tres fases: concurso (que non terá en ningún caso carácter eliminatorio), oposición (exercicios teóricos e prácticos eliminatorios, escritos e orais que permitan apreciar a preparación científica e pedagóxica do aspirante) e prácticas (baixo tutela en centros públicos, xunto con actividades de formación complementaria).

Carreira docente e promoción profesional

O proxecto de estatuto diseña unha carreira profesional de tres graos en cada un dos corpos (mestres e profesores de secundaria). Os postos de traballo docentes se clasificarán nos niveis de complemento de destino do 15 ó 26.

Os corpos da carreira docente previstos no proxecto son os seguintes:

- Corpo de mestres (E.X.B.) Grupo B
- Grao personal 1, nivel 15
- Grao personal 2, nivel 17
- Grao personal 3, nivel 21

Recentemente foi entregado polo subsecretario do Ministerio de Educación e Ciencias a sindicatos e comunidades autónomas o proxecto de Estatuto do Profesorado, que desenrola a Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública, que regula o acceso á función docente non universitaria, establecendo, á vez, un novo sistema retributivo.



No novo proxecto poderase promocionar do corpo de mestres ó de profesores de secundaria mediante concurso de méritos. MAGAR

Corpo de profesores de secundaria (grupo A)

- Grao personal 1, nivel 18
- Grao personal 2, nivel 221
- Grao personal 3, nivel 26

Segundo establece o proxecto, "calquera que sexa o nivel de complemento de destino do posto de traballo que ocupe un funcionario, en ningún caso percibirá na súa retribución un complemento de destino inferior en dous niveis o seu grao personal consolidado".

O grao 1, de iniciación á docencia, refírese ó acceso e desempeño con carácter provisional do posto de traballo, baixo a tutela dun profesor de grao 3. Tras dous anos dedesempeño, o profesor tutor elevará un informe, que no caso de ser posi-

tivo, consolidará ó docente no grao 1. Neste caso, para acceder ó grao 2, o profesor estará obrigado á participar no próximo concurso de traslados que se convoque.

O grao 2, consolidase, transcorridos dous anos de exercicio profesional no posto de traballo obtido no concurso de traslados. O grao 3 poderá obterse transcorridos dous anos desde a consolidación do grao dous, "previa avaliación positiva dos méritos profesionais e académicos polas comisións de avaliación que se constituirán no ámbito de xestión de cada Administración educativa competente". O baremo que se establecerá a estes efectos incluirá en todo caso a apreciación do exercicio eficaz da función docente, as

actividades realizadas de formación permanente, innovación e investigación educativas e ó exercicio continuado da docencia en zonas ou centros de especial dificultade.

O grao 3 consolidase co desempeño durante dous anos ininterrompidos, de postos de traballo correspondentes a este grao. "A porcentaxe de funcionarios docentes que poden adquirilo grao 3 non poderá exceder en máis dun 30 por 100 do número de postos de traballo correspondentes a este grao".

A promoción interna consiste no ascenso dos funcionarios do corpo de mestres ó de profesores de secundaria. Mediante un sistema de concurso de méritos entre os mestres que teñan alomenos o grao 2 consolidado, estean en posesión da titulación superior concordante coa especialidade e teñan exercido a especialidade por un período non inferior a cinco anos.

Postos de traballo

Para os funcionarios do corpo de mestres establécense os seguintes postos de traballo:

Nivel 15 (grao 1, con destino provisional): exercicio da docencia baixo un tutor de profesores.

Nivel 17 (graos 2 e 3): pleno exercicio da docencia e da tutoría dos alumnos.

Nivel 21 (grao 3 ou grao 2 consolidado): tarefas de coordinación interna ou externa, e tutoría de profesores de grao 1. Estes postos aparecerán regulados nos reglamentos orgánicos dos centros.

Para os funcionarios do copo de profesores de secundaria establécense os seguintes postos de traballo:

Nivel 18 (grao 1 con destino provisional): exercicio da docencia baixo un tutor de profesores.

Nivel 21 (graos 2 e 3): pleno exercicio da función docente e realización de actividades de tutoría.

● PASA A LA SIGUIENTE

Dereitos e deberes dos docentes

Segundo o proxecto de Estatuto do Profesorado os funcionarios docentes terán dereito a:

- a) Exerce-las funcións de docencia e investigación empregando os métodos que consideren máis axeitados.
- b) A liberdade de cátedra dentro do respecto ós principios constitucionais.
- c) O exercicio da tutoría e dirección de grupos de alumnos.
- d) O exercicio de funcións directivas.
- e) A intervir no control e xestión de centros, no consello escolar de centro.
- f) A programar actividades docentes de centro, promover iniciativas no ámbito da experimentación e investigación pedagóxicas.
- g) O exercicio do dereito de reunión, fora de horas de traballo.
- h) A libre sindicación e ó exercicio de tarefas sindicais. Abréase a posibilidade de liberación total ou parcial das súas funcións docentes.
- i) A promoción profesional dentro da carreira docente.
- j) A posibilidade de obter unha redución das actividades lectivas, a partir dos 55 anos de idade ou 30 anos de servizos por mor de diminucións das facultades físicas ou psíquicas.

k) A especial consideración que requiren as situacións de enfermidade, que teña orixe relacionado directamente co exercicio da función docente. Os funcionarios terán dereito ademais a todos aqueles outros que con carácter xeral a lei reconece ós funcionarios da Administración civil do Estado.

O proxecto establece que o período anual de vacacións retribuídas se disfrutará en función do calendario escolar e das actividades de programación educativa e de perfeccionamento profesional establecidas pola Administración educativa.

Tamén se reconece que as administracións públicas poderán conceder,

mediante convocatoria pública, licencias por estudos para o perfeccionamento profesional dos docentes en materias relacionadas co ensino.

Os deberes establecidos para os funcionarios docentes son:


- a) Cumpri-lo horario de traballo.
- b) Imparti-las disciplinas ó seu cargo.
- c) Participar nas tarefas de programación e coordinación de ciclos, áreas e seminarios.
- d) Acepta-los cargos académicos para os que foran designados.
- e) Cumpri-las normas e disposicións que ordenan o sistema educativo.
- f) Cooperar coas autoridades educativas.
- g) Cooperar cos órganos de goberno dos centros.
- h) Participar nas que esixa a programación do centro.
- i) Realiza-las tarefas derivadas na participación nos órganos de goberno dos centros.
- j) respeta-los dereitos dos alumnos a: recibir formación que garanta o pleno desenvolvemento da súa personalidade; unha valoración obxectiva do seu rendemento escolar; que se respeten a súa integridade e dignidade personais, a súa liberdade de conciencia e as súas conviccións relixiosas e morais.
- k) Participar nos cursos de especialización ou perfeccionamento que a Administración estableza, co fin de preparar ó profesorado para cubrir necesidades derivadas de novos plans e programas de estudo.
- l) Observa-la conducta que esixe a exemplaridade da función docente.
- ll) Participar na orientación escolar e profesional dos alumnos, desempeñando tarefas de tutorías.

O proxecto establece que os "directores dos centros en canto responsables dos mesmos cooperarán coas autoridades educativas con independencia das competencias atribuídas ós órganos de inspección".

Tamén serán deberes dos funcionarios docentes os que con carácter xeral sinala a lexislación vixente para os funcionarios das administracións públicas.

M. B.

ACTUALIDAD



ARCHIVO

Novo proxecto

● VIENE DE LA ANTERIOR

Nivel 26 (grao 3): tarefas de coordinación didáctica, xefatura de seminario e tutoría de profesores de grao 1. Na disposición adicional cuarta aparece que os funcionarios deste grao e nivel denominaranse "Catedráticos de ensino secundario".

Provisión de postos de traballo

Os funcionarios docentes con destino definitivo poderán obter outro posto de traballo mediante un sistema de concurso que se convocará cada dous anos, sulñándose que se realizará por especialidades.

Para participar no concurso de traslados se establecerá un baremo, no que se contemplarán como méritos preferentes a "valoración do traballo desenvolvido en anteriores postos ocupados, os cursos de promoción e perfeccionamento, as titulacións académicas diferentes da esixida para o ingreso e a antigüidade". A valoración dos postos de traballo referirase ó tempo desempeñado en postos de traballo da Administración educativa, en cargos directivos e no exercicio da docencia en centros situados en zonas de difícil desempeño.

O criterio de antigüidade computarase polo polo orden de prioridade seguinte: antigüidade no centro, na especialidade, no corpo. Os cursos de actualización e perfeccionamento que se terán en conta como mérito preferente serán os organizados polas administracións públicas competentes.

Polo sistema de libre designación cubriranse aqueles postos de traballo que polas súas especiais características así se determinen na relación de postos de traballo. Por este sistema, se cubrirán, a proposta vinculante dos profesores correspondentes, os postos de coordinación interna: ciclos, áreas e seminarios.

Sistema retributivo

As retribucións dos funcionarios docentes son básicas e complementarias. As básicas son: soldo, trienios, pagas extraordinarias (dúas ó ano, por un importe cada unha delas dunha mensualidade de soldo e trienios). As complementarias son: complemento de destino (correspondente ó nivel do posto que se desempeña), o complemento específico (órganos unipersonais de goberno) e as gratificacións por servizos extraordinarios fora da xornada normal.

Situacións administrativas

Os funcionarios docentes poderán atoparse nas seguintes situacións administrativas: servizo activo, comisións de servizo, servizos en comunidades autónomas, excedencia nas súas diversas modalidades e suspensión de funcións.

Disposicións adicionais

O proxecto de Estatuto do Profesorado establece sete disposicións adicionais, unha transitoria e outra final.

A primeira refírese á funcións inspectora, que se valorará a efectos de carreira docente. Unha vez transcorrido o período da súa adscrición a esta función, os funcionarios deberán ocupar a súa praza, podendo participar novamente nos concursos para esta función, transcorridos dous anos de exercicio da función docente.

A disposición adicional segunda establece que os funcionarios docentes do grao 2 que con carácter excepcional desempeñen postos de traballo do grao 3, percibirán un complemento de destino superior en dous niveis ó que de acordo co seu grao personal lle corresponda.

A adicional terceira establece que a partir do primeiro concurso de traslados que se convoque suprimirase o denominado turno de consorte, así como o restrinxido a localidades de 10.000 e máis habitantes.

Tamén se establece que os actuais profesores con destino provisional concursarán coa puntuación correspondente á antigüidade no corpo e no centro, valorándose como desempeñados nun so centro tódolos servizos prestados mentres foron provisionais.

Para o nivel de EXB, o primeiro concurso por especialidades se realizará no curso académico 1990-91. A partir do curso 1989-90 este concurso se realizará cada dous anos.

A adicional sétima establece que o MEC propondrá ó Consello de Universidades que estudie as medidas para facilitar a promoción a prazas docentes universitarias a candidatos que proceden dos corpos docentes non universitarios.

A disposición transitoria establece que tódolos funcionarios docentes, no momento de entrada deste decreto, adquirirán o grao 2, agás os actuais funcionarios pertencentes ó antigo corpo de mestres de taller que adquirirán o grao 3 do corpo de mestres.

M. B.

EXPERIENCIA

O Courel dos tesos cumes

CALO IGLESIAS

A serra do Courel, que mira ás provincias de Lugo, Ourense e León, ten cumios tan fermosos como os de Formigueiros, Montouto, Pia Páxaro. A este último subimos por unha pista que bordea o cume. Os camiños das explotacións pizarreiras fan ingrata e peirenta a camiñada. Tres son, que eu saiba, as empresas que traballan na extracción da lousa ou pizarra: os camiños que cruzamos son da empresa FARLOSA.

Duns anos a esta parte aumentaron os cortafogos e pistas no Courel. Hai nelas algo de agresivo e feo, como esas cabezas rapadas "manu militari" nos cuarteis. Certo que as pistas facilitan as comunicacións dos lugares, pero teño a impresión de estaren trazadas máis en función dos intereses pizarreiros que dunha intelixente e ecolóxica promoción turística da comarca. Os servizos do Courel son, en xeral, moi deficientes. Mesmo Folgoso, a capital, carece dunha rede de sumidoiros.


O que predomina no Courel é unha economía de subsistencia de autoabastecemento. Economía de porco, cabra, vaca marela e dúas cuchas (unha do semental e outra, como din aquí, do "veterinario"). As centrais leiteiras non soben a recollé-lo leite, o que non fai máis que consolidar o minifundio gandeiro. Economía de castaña e madeira. Os castiñeiros están chapodados; cando unha ponla non produce castañas, vai para trave ou trebello. Nos centenarios e fermosimos souts brotan sempre ponlas novas. Hai tamén albarizas; a flor de uceira da un mel de excelente calidade.

Prados non hai moitos e, a diferenza dos Ancares, non se ven prados de montaña. Nas alturas manda o monte baixo de uceiras. Nas abas de Pia Páxaro vemos unha repoboación de piñeiros bravos feita hai uns 5 anos, pero non medra; os piñeiros máis parecen herbiñas.

O centro económico da comarca é indubablemente Quiroga. Exemplos como o de Vilarvacú, que preferiu depende do concello quirogán —a pesar de estar máis lonxe que Folgoso— parecen demostrar esta hexemonía.

Camilo Nogueira, que no Mustallar dos Ancares xa nos dera unha xenuina lección de Xeografía, repite agora no Pia Páxaro. Mentras unha familia de "pineiros" asexual e para sobre as uceiras, descubrimos, o norte, Os Ancares; o nordeste, a Cordilleira Cantábrica; o nacente, os Montes de León coa serra do Teleno máis o fondo; ó sur, a Serra de Queixa e Cabeza de Manzaneda; ó sureste, Pena Trevinca e ó poente, a Torre de Monforte. Se estivese aquí un francés repetiría aquela frase que aprendimos no "Assimil": "Comme c'es calme, ici!"

Na tardiña, tempo de vagar en Valdomir, á beira do Lor. Xa en Folgoso na anoitecida, tomamos un viño de Quiroga, fresquiño e lixeiro. Zumba unha abella e Enrique móvese inqueda, recordando a reacción alérxica que lle produciu unha picadura. Para as picaduras o mellor antídoto é o amoniaco; agora entende por qué algúns pastores aplican as picaduras o amoniaco natural de entreperna (dispensando).



ARCHIVO

No Courel predomina unha economía de autoabastecemento.

Cean conosco os médicos Manolo e Jaizán. Manolo hai pouco que rematou a carreira e está a facer substitucións nesta comarca, que é a súa. Jaizán é palestino; naceu a 7 kilómetros da Jerusalén celeste. Unha noite soñou cunha cidade de choiva e pedra, de rúas estreitas e aportalladas, cunha plaza espaciosa e monumental. Cando chegou a Santiago de Compostela, viu a cidade soñada. En Santiago estudou e casou. Non podía ser doutro xeito. Jaizán é moi cordial, excelente conversador e parece totalmente compenetrado cos coureláns. Tamén está na cea Paco, o forestal de ICONA. E de Granada e sorri sempre. Chegara tiznado polos chamizos dos montes de Santa Eufemia. As cinzas dos incendios forestais, ó caer no río, matan ás troitiñas "arco-iris", que repoboan o Lor. Un río que conserva os antigos canles que aproveitaban a auga para regos e muiños.

Na casa bar de Constantino, onde ceamos, hai dúas mulleres aínda novas, Xulita e M.^a Anxeles, que atenden á cociña. Faláranme da hospitalidade das xentes do Courel. Xulita e M.^a Anxeles están entre as mellores. Cando veñades o Folgoso, non vos esquezades de pedir-lles que vos preparen o cabrito asado e guisado, as troitas fritidas e a tarta de chocolate con bizcochón.



O día 6 de Agosto baixamos en coche a Quiroga. Enrique Aller e Fernando Randalfe, que son abogados, falan de "manumitir", "poderdante", "usucapción". A min seméllame unha linguaxe moi "erótica". Sonche cousas da ignorancia.

Fin da camiñada. O traballo de viaxar, a alegría de volver e o placer de recordar.

"Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe..."


Ata logo. Xa seguiremos camiñando.

MAXISTERICO




PEPE CARREIRO

INFORME



AUTOR
Antonio Torrado intervino no outavo congreso do M.E.M. portugués.



AUTOR
Manuel Antonio Pina, xunto a João Luiz, colaborador do grupo "Pé de Vento".

Viaxe pola literatura infantil portuguesa (I)

En Portugal, moito

Durante moito tempo foi certa a tantas veces citada sentenza de Eça de Queiroz nas súas **Cartas de Inglaterra**: "En Portugal, nada". Referíase á literatura infantil, que atopaba viva e abondosa nas librerías inglesas. En Portugal, sen embargo, nada. ¿E hoxe? Sen dúbida, para moitos, a situación apenas ten cambiado. Mais confunden a súa ignorancia ou desinterés coa realidade. En Portugal, hoxe, a frase de Eça de Queiroz deixou de ser certa. Estas crónicas constituirán un modesto intento de achegamento a un panorama—o da "literatura pra criançás" portuguesa—hoxe benfadadamente rico e vivo. En sucesivas entregas presentaremos entrevistas con algúns dos máis destacados escritores para nenos portugueses. Abriremos-las crónicas desta vez cunha introducción global a ese panorama.

Os precursores

Como tantas outras cousas en Portugal, o desenvolvemento da literatura infantil está marcado por unha clara liña divisoria: o 25 de abril. A revolución dos caraveis tivo curiosamente unha moi importante repercusión na produción de libros para nenos. Ata entón esa era unha actividade desprezada polas editoriais, e mesmo pouco avaliada polos propios escritores. Despois, e especialmente tralo ano 1976, a política de difusión do libro infantil nas escolas, promovida polo Ministerio de Educación, comenza a dar-las súas froitas.

Non obstante, xa con anterioridade—aínda en medio dun silencio e indiferencia, cando non menosprecio, xeneralizados—algúns autores viñan manifestando un interese continuado polo público infantil. Entre estes, sen dúbida hai dous nomes fundamentais: Sophia de Mello Breyner Andresen e Ilse Losa.

A primeira é unha poetisa de recoñecida sona. Contan que escribiu o primeiro dos seus contos mentres agardaba o nacemento do primeiro dos seus fillos. Sería, pois, un caso máis entre os escritores que procuran ese ton especial da escrita para nenos movidos xustamente pola existencia de se comunicar con algún neno concreto e próximo. Os contos de Sophia de Mello, que van aparecendo lentos e espallados no tempo, teñen o aire dos contos de sempre, atemporais e utópicos (tomando aquí o termo no seu senso rigorosamente etimolóxico: "de ningunha parte", e isto aínda que se fale de lugares como "Dinamarca" ou "Veneza"). Semellan ser contos de fadas ou contos maravillosos esquecidos, que a memoria de algún vello fistor conservou para contar-llos ao oído á escritora.

En canto a Ilse Losa, é a figura clave que, dende o seu posto de coordinadora da modélica "colección juvenil" de Edições ASA, en Porto, fai de ponte entre o labor de resistentes dos "precursores", e as novas xeracións de xovens escritores xordidos nas últimas décadas. Ilse Losa,

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ás avesas de Sophia de Mello, é unha prolífica escritora que ten cultivado practicamente tódalas modalidades da literatura infantil: dende o conto fantástico ao xeito tradicional—como é o caso de **Silka**, unha vella historia de final dramático—ata a crónica de infancia, como en **A minha melhor história**, un relato que evoca a súa nenez alemá.

os clásicos

Non combén esquecer tampouco a aqueles escritores que, quizais non tendo escrito pensando conscientemente nos nenos como futuros lectores, produciron obras que teñen acadado unha audiencia certa entre eles. TAI o **Constantino guardador de vacas e de sonhos** do novelista Alves Redol (1911-1969). **Constantino** é unha louvanza da aldeia, da man do rapaz protagonista, que a min, de principio, lembroue as nosas **Memorias dun neno labrego**. As semellanzas son, non obstante, curtas. A obra de Redol carece do fatalismo nostáxico da de Neira Vilas, e o seu realismo dominante afástase de calquer documentalismo ou anecdótico para se centrar nunha recreación de alento poético.

Miguel Torga, con **Bichos**, constitúe un caso semellante. Estas historias do can Nero, o gato Mago, o galo Tenorio... conquieren emocionámonos sen precisar de lles quita-la súa condición de animais. Cada historia ven sendo unha biografía de bichos vulgares, biografías dos que nunca mereceron ser biografados. E, ao final, nestes perfectos contos é xustamente o dramatismo do cotián, abelenciosamente evidenciado polo autor, o que lles da unha forza que pode ir da épica da loita pola vida á lírica eleixiaca da morte esquecida do pobre can Nero.

As fábulas de Aquilino Ribeiro, en troques, recorren ao modelo clásico dos animais faladores no **Romance da raposa**, este si pensado e escrito directamente para os nenos. Fábulas de raposas e galiñas, lobos e cabalos, anos e coellos, o **Romance** ten o sabor das fábulas de onte, esta vez da man dunha prosa sinxela, directa, sen complicacións, na que xogan un importante papel os áxiles diálogos.

Os novos

Non é doado da-la nómina dos novos escritores que, da man do pulo editorial promovido despois do 25 de abril, se teñen interesado, dun xeito máis ou menos continuado, polo lector infantil. Algúns de entre eles xa tiñan amosado ese interese antes. Pero será a partir de 1976 cando estes autores atoparán posibilidades de dar a coñece-las súas obras. O Ministerio de Educación, dende esa data, a través da Dirección Xeral de Ensino Básico, mercará sistematicamente 14.000 exemplares anuais dunha media de 12 a 15 libros de autores portugueses, con destino ás bibliotecas escolares.

Quizais a autora que mellor representa o espírito destes novos autores sexa Alice Vieira, que publica as súas obras na editorial Caminho. **Rosa, minha irmã Rosa** podería se-la novela emblemática da anovación, temática e estilística, da literatura infantil-xuvenil portuguesa. Esta obra—o seu éxito animará á autora a escribir unha segunda e unha terceira partes: **Lote 12-2.º frente e Chocolate á chuva**—introduce o mundo dunha nena do Portugal de hoxe, habitante dunha barriada urbana.

Nun plano moi diferente, a obra de Manuel Antonio Pina entronca coas correntes que cabería chamar máis experimentais: **Gigões e anantes** ou **O tepluquê** son obras nas que o humor chega da man do xogo de palabras, no que a invención interna á escrita acada un papel protagonista. Pina ten tamén escrito un fermoso libro de poesía para nenos—**O pássaro da cabeça**—e numerosas obriñas teatrais. A súa estreita colaboración co grupo de teatro infantil portuense "Pé de vento" constitúe unha das experiencias que máis me ten impresionado na miña viaxe—aínda inacabada—pola literatura infantil portuguesa.

En Antonio Torrado a colaboración se ten dado cos grupos de anovación pedagóxica, nomeadamente co Movimento da Escola Moderna (M.E.M.) portugués, do que foi un dos membros fundadores. En Lisboa, este verán, durante o outavo congreso do M.E.M., puideron coñecer unha experiencia realizada nunha escola primaria, na que o escritor inventaba un conto da man dos rapaces, un conto, por así dicir, escrito a dúas mans, unha delas a man múltiple dos escolantes. A obra de Torrado é abundante e diversa. Ultimamente, dende a editorial Comunicação, que él promove, está a publicar unha colección titulada "Historias tradicionais portuguesas contadas de novo", na que presta nova voz aos vellos contos da "Carochinha", o "Lobo Feroz", "A Bela e o monstro", etc.

A lista faise interminable. Sería preciso citar aínda a María Alberta Meneres, a Sidónio Muralha, a Fernando Bento, ou a Ana María Magalhães e Isabel Alçada, dúas escritoras, estas últimas, que coa colección "Uma aventura", editada por Caminho, da que levan publicados xa máis de 15 títulos, teñen trasladado a Portugal a fórmula dos relatos estilo Enid Blyton, cun éxito comparable entre os lectores xuvenís. Ou Alvaro Magalhães, para o noso gusto, o máis promotor entre os novísimos escritores portugueses preocupados polo público infantil.

En próximas entregas agardamos poder achegar aos lectores unha imaxe máis próxima desta literatura, inxustamente descoñecida entre nós. Fica só dicir que esa inxusticia non é convenientemente devolta: alá, en Portugal, tampouco se sabe nada da literatura infantil tanto galega como española. Quixera pensar que estes artigos poidan contribuir ao fin desta mutua ignorancia.

ESTAR NAS NUBENS

Roald Dahl

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

Compartir unha nube con Roald Dahl pode ser algo suxestivo. Moitos pensarán que para isto habería que botalle moita imaxinación ó asunto. Pois poden estar ben seguros do seu erro. Non fai falla máis que le-los seus libros para convivir con este home—e cos seus personaxes—nerse mundo tan particular creado polo seu inxenio.

Por certo, é un mundo que se ri, que satiriza ó outro mundo—o noso—que estamos a padecer tódolos días. Porque eu estou ben seguro de que Roald Dahl se nega a compartilo acontecer cotián dos demais. Pero é unha negación permitida, a partir de salientar aquilo que pode ser fustigado cunha arma, moitas veces máis mortíferas cás que fan logo: o humor negro, ácido, irónico.

Nos relatos de Roald Dahl vale todo. É unha deformación satírica da sociedade. Pero non dunha sociedade nun senso amplo e xeral, senón desas pequenas cousas, moi determinadas, que configuran ó conxunto no que nos movemos tódolos seres vivos: ambicións desmedidas, impertinencias dos adultos, egoísmos sen límites, anulación dos cativos, etc... Roald Dahl é denuncia esperpéntica, corrosiva, con certos toques de humor absurdo, que chega moi fondo ó corazón dos pequenos.

¡Hai que ver como disfrutan eles! Fáganme caso, son os seus libros favoritos. E non me extraña nada. E moi inxenioso Roald Dahl. Da ós nenos iso que necesitan para vivi-la súa realidade, pola canle do humor. Os nenos esfolan coa risa—lémbrame de Jorge e a súa medicina ou do libro "¡Qué asco de bichos!"—porque descubren os seus sentimentos, ben serios, caricaturizados por algún, que é cómplice deles. Ven sendo un xeito de expresión necesario coma o pan. E o que eles quixeran dicir a reo, sen atreverse en moitos casos. Roald Dahl é un colega, moito máis, é o xefe da banda, da que todos forman parte sen recelo. Todos xuntos fan das situacións máis serias, un divertido rompecabezas a compoñer.

E agora, algo que me fixo pensar. Falando con José A. del Cañizo unha vez en Málaga, díxome que Roald Dahl lle parecía un escritor violento. Afirmaba o autor de "A la busca de Marte el guerrero" que as súas historias incitaban á violencia ós rapaces. Falaba el de certa subversión nso contidos e nos plantexamentos das narracións do galés. Quedei abraído. ¡Esa era a lectura dun home aberto coma o meu querido amigo malagueño! E digo que quedei abraído, porque eu non caíra nas connotacións críticas das que me falaba.

Fixome pensar, dende logo. Non sei se terá razón ou non. Cáseque prefiro non sabelo. As cavilacións non me levaron a ningunha conclusión clara. Rematei deixando esa opinión á beira, e seguir observando a felicidade dos nenos convivindo con Charlie, co Superzorro, con Jorge, con certas bruxas en congreso, con esa parella increíble de suxos cretinos e con toda a alucinante mitoloxía de héroes reais creados por esa mente delirante e maravillosamente perversa do gran escritor británico.

Un Roald Dahl ademais con esa parte tenra de home sensible que reafirma o vello costume dos escritores de contar contos ós seus fillos. Como a eles lle gustaban decidiuse a escribilos. Así saíu "Charlie y la fábrica de chocolate", libro do que vende, aínda, un millón de exemplares ó ano. Convencido da dificultade de escribir unha boa obra infantil, chega a asegurar que "calquera pode escribir un mal libro para nenos". Divirtese moitísimo creando historias dirixidas ós pequenos e se por riba cada narración queda convertida en ouro, mellor que mellor.

Narracións—como xa queda dito—corrosivas, dun agudo sentido crítico—case bromas literarias fluidas vigorosas dun lápiz con goma de borrar no outro extremo, espalladas por papeis amarelos, que farán ve-las cousas ben distintas a xovens lectores de tódalas partes do mundo. ¿Pódese pedir moito máis?

OPINION

O inquedaante caso dos nenos mudos

ANTON COSTA RICO

No xornal LA VOZ DE GALICIA do día 4 de Outubro pasado o comentarista Carlos Luis Rodríguez, facía alí, baixo o título "El inquietante caso de los niños mudos", unhas consideracións particulares a propósito das recentes declaracións do Dr. Gisbert Alós, presidente das IV Xornadas Nacionais da Sociedade Española de Foniatria, nas que afirmaba que os nenos bilingües teñen máis problemas de linguaxe que os unilingües, polo que, aténdose aos datos empíricos por él recollidos a respecto da situación lingüística española, concluía que os nenos deberían ser educados basicamente na lingua materna, cando menos ata a consecución e dominio suficientes de tais estruturas lingüísticas e así das normais posibilidades de expresión e de comunicación por parte de todos os nenos, adquirindo o dominio doutras linguas con posterioridade.

A conclusión plantexa, de certo, importantes interrogantes á estratexia ou estratexias de política lingüística seguidas polo Goberno central -ao que non alude o comentarista- e por algúns dos Gobernos das comunidades autónomas; interrogantes que, por outra parte, se veñen plantexando desde hai tempo. Carlos Luis R. así o capta tamén en parte; faino desde unha aparente ou real ignorancia ou descoñecemento verbo dos estudos e conclusións aportadas ao respecto por pedagogos, sicólogos, sociolingüistas e outros especialistas da linguaxe e da comunicación, polo que con insuficientes bimbios manifesta a súa "inquietud" nun artigo, onde creo que os argumentos quedan a medio camiño e formulación; argumentos, anotemos de paso, formulados desde a súa cómoda instalación lingüística no castelán.

No marco das súas breves consideracións en asunto tan complexo, preguntase: ¿é posíbel un bilingüismo escolar que non vaia en detrimento da formación do neno?; e senón parece posíbel, ¿no se estará a elaborar a política lingüística das comunidades bilingües con arranxo a criterios exclusivamente políticos?

Ao tempo, síntese, solprendido -xusta solpresa que persoalmente compartira senón fora porque hai cousas que malpocadamente non solprenden arestora- ao comprobar que máis da metade do tempo de clase, segundo os programas escolares, adícanse os nenos a aprender como se di isto ou aqueloutro (en inglés, en castelán, ou en galego), con posíbel perxuício para o dominio e adquisición doutros coñecementos, destrezas, hábitos, actitudes e valores.

Pola contra, Carlos Luis R., olla con agrado a tolerancia lingüística reinante en Galicia, tolerancia que ao meu ver non existe realmente como valor positivo e maila-as apariencias, e indica que de tal actitude tolerante participa "afortunadamente" a Administración autonoma, ata o punto, considero de facer frecuente deixación das súas responsabilidades e de manifestar permisividade ante os incumplimentos arreo dunha mermada lexislación de intención normalizadora do galego, dictada pola propia Administración autonoma.

Finalmente, o comentarista fai invitación a outros foniatras, pedagogos e lingüistas a expresar o seu sentir sobre a cuestión, contradicendo, se mester fora, o manifestado polo Dr. Gisbert. Colloendo o guante escribo as presentes notas como pedagogo e como galego para acreditar nas conclusións do foniatra.

Distintas, numerosas e consistentes investigacións científicas realizadas ao longo das últimas décadas nos diversos escenarios socio-culturais mundiais, traspassados, tamén no campo da escolarización, pola complexa realidade da interferencia e do conflito socio-lingüístico entre, alo menos, dúas linguas de uso no seo dos respectivos escenarios ou comunidades humanas -tal e como é o caso de Galicia- aportan hoxe evidencias empíricas e conclusións concordantes basicamente coa exposición do foniatra Dr. Gisbert. Hai, en tal senso, unha extensa literatura científica e estudosos relevantes (en Canadá, EE.UU., Suíza, Bélxica, Checoslovaquia, Cataluña...), que na brevidade desta colaboración non podemos glosar como sería mester.

En síntese, a análise socio-lingüística das comunidades culturais onde os seus membros empregan, segundo distintas porcentaxes e momentos, unha, outra ou dúas linguas diferentes como vehículos de comunicación, cunha relativa extensión social do fenómeno, ten detectado a existencia dun conflito social de orde lingüístico, negador da existencia de comunidades armónicamente bilingües, anque non de individuos así considerados. Neses casos tense evidenciado a existencia dunha violencia lingüística por parte dos grupos sociais detentadores do poder social e cultural hexemónico, cando empregan fundamentalmente como vehículo de comunicación a lingua non orixinaria da comunidade cultural (por exemplo o castelán).

Do mesmo modo, e con aplicación ao ámbito escolar a tese simplificada emanada das investigacións ao respecto, salienta que nunha sociedade con e mesmo sen conflito lingüístico os nenos que proceden da clase social alta -unha minoría social- e que son introducidos desde unha idade temperá nunha educación bilingüe, con técnica didáctica correcta, amosan maior flexibilidade cognitiva, maior creatividade, maior desenvolvemento do pensamento diverxente e maiores habilidades e índices de comprensión lingüística que non aqueloutros nenos da mesma clase social alta educados dun só xeito monolingüe; **máis, polo contrario**, aqueles nenos de clase social media baixa e de sectores populares -os máis diles- que reciben un ensino bilingüe ("sustrativo" e non "aditivo" na terminoloxía do Lambert) ou nunha lingua distinta da súa propia ou da máis xeralizada no marco cultural onde tivo lugar a súa primeira socialización anterior á da escolar, presentan problemas en canto á socialización lingüística, dando como resultado situacións de aprendizaxe nas que non se desenvolven suficientes competencias en nengunha das dúas linguas, prodúcense retrasos na adquisición do vocabulario e diversas dificultades en canto á adquisición das habilidades lingüísticas e á mesma comprensión, todo elo con repercusións negativas no rendemento escolar; repercusións que colaboran ao fenómeno coñecido como fracaso escolar.

Dito con prudencia, ante o insuficiente volume das investigacións e datos de conclusión, para o caso galego, semella porén que as anteriores conclusións expostas poidan aplicarse á realidade galega. Son inteiramente plausíbeis e hai datos que as confirman.

En consecuencia quedaría así respostado o interrogante que plantexa Carlos Luis Rodríguez. Dalgún xeito, a lexislación existente hoxe en Galicia sobre a escolarización en galego en preescolar e ciclo inicial nos medios galego-falantes podería estar na vía da corrección se se aplicara e se incentivara socialmente na perspectiva da integración social cultural normalizadora da lingua galega. A política estaría así parcialmente en concordancia coa pedagogía e a sico-lingüística.

Considero que, sen embargo o resto da lexislación lingüística para os ciclos superiores emanada tanto desde Santiago como desde Madrid é efectiva-

mente errónea ou incorrecta, pois non contribúe á eliminación de factores de segregación e de fracaso escolar, tal e como sería oportuno para a formación dos nenos á que alude o comentarista.

Compre unha estratexia de política lingüística na educación que sexa galeguizadora para contribuir a ese desenvolvemento e formación nas mellores condicións dos nenos galegos. Elo, certamente, esixirá afinar os instrumentos de acción pedagóxica en concordancia coas diversas situacións lingüísticas infantís hoxe existentes en Galicia, para entre outras cousas atallar o "inquedaante caso dos nenos mudos galegos", unha realidade tan altamente extendida particularmente no recente pasado escolar galego; aquí houbo medo colectivo entre os nenos polo perigo físico e psicolóxico que representaba falar en galego nas aulas ou simplemente por chamar "cunco" -é un dicir- ao que se esixía denominar "cuenco". Foi realmente inquedaante o caso dos nenos mudos.

Xusto por esto e polo que os profesores que nesta hora defenden e practican a galeguización na súa tarefa educativa insisten tanto en uni-la coa renovación pedagóxica e cos métodos didácticos activos de aprendizaxe, aqueles que conceden unha particular relevancia á implicación activa e á participación dos nenos no seu proceso formativo, aqueles que acreditan na palabra do neno; palabra a dicir, expresar e comunicar no seo da clase. En tais aulas, regadas polo país adiante penosamente non a faltar, falan e comunican en galego ou en castelán, segundo as circunstancias particulares de cada un, todos os nenos e non só o mestre.

Ao contrario, nas aulas tradicionais hai un silencio parecido ao anotado polo comentarista. Vén á propósito o seguinte: había nunha escola en Galicia, onde o mestre falaba en castelán, un louro que de sutaque remedaba: "Silencio", "silencio", a palabra de orde máis escoitada ao mestre. Afortunadamente, na inmensa maioría das aulas onde o ensino se fai en galego, o louro non sabería remedar tal palabra, porque hai tolerancia no dicir e nas palabras.

A Administración central -non allea á cuestión- como á galega, aos políticos e á sociedade tócalles suscitar o pleno desenvolvemento intelectual, lingüístico e de personalidade dos escolares galegos e apartar os balados que unha situación lingüística de conflito opón, xunto a outros factores, a tal desenvolvemento.

ANAQUEL

● CASTELO BRANCO, Camilo. **Amor de perdición**. Introducción: José Viale Moutinho. Traducción e notas: Xela Arias. Ed. Xerais de Galicia. Vigo 1986.

● STEVENSON, R. L. **As aventuras de David Balfour**. Traducción e notas: Vicente Araguas. Introducción: Xosé A. López Dobao. E. Xerais de Galicia. Vigo 1986.

Dúas novas entregas da colección Xabarin. Desta vez dous clásicos indiscutibles. A novela de Castelao Branco -unha das novelas de amos por antonomasia- fará chorar ás adolescentes galegas de hoxe como dende anos leva facendo chorar a xeracións de adolescentes de todo o mundo (os adolescentes tamén chorarán, pero non querrán recoñecelo). A de Stevenson abunda con dicir que é outra entre as grandes novelas de aventuras do seu autor.

● DE LA OSA, GARCIA MORENO, OROZCO. **La reforma de las Enseñanzas**



Medias. Cómo se realiza en el Centro Covadonga. Ed. Popular. Madrid, 1986.

Un informe sobre a aplicación da reforma do Ensino Medio nun centro experimental de Madrid. O interese deste informe reside en que presenta a visión dun grupo de profesores que están vivindo a reforma dende dentro, e que non teñen ningún reparo en salientar os defectos que esta es-

tá a ter. Especialmente, critican ó MEC pola súa lentitude burocrática, a imprevisión en canto á dotación de medios e as contradicións que a propia burocracia xerada pola reforma está a provocar (pax. 29). Así todo, os autores defenden o postivo da reforma, avaliada globalmente

● DE PABLO PONS, Juan. **Cine y enseñanza**. Ministerio de Educación y Ciencia. Madrid 1986.

A publicación recolle un traballo que foi premiado no ano 1984 co accésit ó Premio Nacional de Investigación Educativa. Trátase dunha investigación que o propio autor denomina -segundo una terminoloxía proposta por Juan Manuel Escudero- "análise microsicolóxico de medios". En definitiva, constitúe un intento de aplicar ó estudio da interacción medios (e especificamente centrado no cine) -educación, unha metodoloxía que combine a precisión dos modelos cuantitativos cá flexibilidade dos cualitativos.

TABOEIRO

● **A escola que queremos e a súa xestión organizativa**

A asociación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA organiza ós próximos días 12, 13 e 14 de Nadal o seu IIIº Encontro de Debate, que xirará en torno a dúas cuestións que actualmente está a preocupar a moitos educadores: o modelo de escola, e a xestión organizativa dos centros escolares.

Neste IIIº Encontro contarase coa presenza de persoas ligadas ós Movements de Renovación Pedagóxica do Estado, entre elas o profesor Gonzalo Anaya, por moitos anos e aínda hoxe ligado a Galicia e Luis Otano como presidente e animador de Adarra de Euskadi e da Coordinadora Estatal de M.R.P.S.

No ámbito do Encontro haberá dúas mesas informativas: unha sobre esa Escola Rural e outra sobre os problemas e circunstancias actuais do proceso de galeguización escolar.

O programa ó que se axustará o Encontro rexirase como segue: o venres, día 12, o profesor Gonzalo Anaya impartirá no Salón Noble de Fonseca (entrada Parlamento), ás 7.30, unha conferencia sobre

"Unha escola popular: ¿necesaria e posible?". Finalizado este acto se celebrará unha cea-homenaxe a D. Gonzalo Anaya. O sábado, día 13, de mañá, se traballará en grupos de debate sobre os temas eixo do Encontro, e se realizará a mesa sobre Escola Rural. De tarde, continuarán os grupos de debate, a mesa de galeguización do ensino (moderada por Miguel Pérez Pardo), para finalizar ás 8 coa conferencia de Luis Otano sobre "Situación e perspectivas dos MRPS". O Encontro finalizará o domingo, 14, co remate do traballo dos grupos e un plenario onde se elaborarán as conclusións do encontro. Os debates desenvolveranse no Centro de Formación do INEM, e as inscricións se realizarán en NOVA ESCOLA GALEGA. Apartado 586, Santiago, ou chamando por teléfono ó 237358.

Asamblea de personal sobre Enseñanza Privada

El comité sindical socialista FETE-UGT de Galicia ha convocado a los trabajadores de la enseñanza privada a una reunión que tendrá lugar esta tarde a las seis, en los locales del sindicato en Pontevedra.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

